

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.01.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.10 h do 05.01.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bétoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Painceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Antón Lois Noceda Carballo (quen se incorpora no punto 3º da orde do día ás 09.11h), María del Mar Piñeiro Otero (quen abandona a sesión ás 09.39 h no punto quinto da orde do día), Ana Basoa Rioboo, Marta Pereiro Calvo e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria do 01.12.2022 e extraordinaria urxente do 21.12.2022

Ao non haber ningunha obxección, quedan aprobadas as actas das sesións ordinaria do 01.12.2022 e extraordinaria urxente do 21.12.2022.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende a núm. 1560/2022 á 1699/2022

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

3. Aprobación, se procede, da Moción da Concellería de Servizos Sociais sobre a problemática vivida polas traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Consta no expediente a seguinte Moción da Concellería de Servizos Sociais que ditaminouse favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 27.12.2022, por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG e 1 voto do grupo Mixto municipal) e 2 abstencións (do grupo municipal do PP) que, transcrita, di:

“MOCIÓN SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a *Ley 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a redución de la temporalidade en el emprego público.*

Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei contempla dous supostos:

- Un **proceso de estabilización** para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de **concurso-oposición**.
- Un **proceso de estabilización extraordinario** de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de **concurso**.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

C-0
06E
150
P-
E:
CL

Así, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. E dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, se valorara máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente a local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración, que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, *é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con **personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados**, do cal forman parte a **Xunta de Galicia e os concellos galegos**, que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por **285 concellos e 5 mancomunidades** (DOGA do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.*

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90 %; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, máis do 95% das máis de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a máis de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, **non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza**, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio, con profesionais doutras Administracións diferentes, como é a Xunta de Galicia, e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello, que a experiencia dun posto na Deputación.

Si os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, se puntúa igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia, que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio, que atende a nenos de 0 a 3 anos, se valoraría igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas ás que, dende a Xunta, se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña, no peor da pandemia, nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes, entre setembro e decembro. Unha folga á que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, máis que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros atendidos, dada a altísima temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por estes motivos, o Pleno da Corporación Municipal do Concello de FENE, adopta os seguintes acordos:

- Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.

- Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego.
- Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

En Fene, a 1 decembro de 2022.-"

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro. Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.

Segundo. Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvolto no Consorcio Galego.

Terceiro. Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

4. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de ratificación da Resolución 1694/2022, do 30.12.2022, pola que se emite o informe do órgano de contratación nos recursos 236 e 238/2022 interpostos fronte ao expediente de contratación 2022/C004/000004

Consta no expediente a seguinte Proposta que é incluída na orde do día por unanimidade dos presentes (16 e 1 abstención da concelleira do grupo do BNG Cristina García Moroño que se ausenta por incurrir en causa de abstención):

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 1694/2022, DO 30.12.2022, POLA QUE SE EMITE O INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NOS RECURSOS 236 e 238/2022 INTERPOSTOS FRONTE AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2022/C004/000004

O 30.12.2022 o alcalde ditou a Resolución da alcaldía que copiada di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NOS RECURSOS 236 E 238/2022 INTERPOSTOS FRONTE AOS PREGOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR 2022

O Pleno do Concello de Fene en sesión do 01.12.2022 acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.

O anuncio da licitación foi enviado ao DOUE o 02.12.2022 e publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 04.12.2022.

O prazo de presentación de ofertas expira o 02.12.2022.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, está sometido a recurso especial en materia de contratación para o actos recorribles fixados no artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Conforme ao previsto no artigo 50 LCSP, o prazo para presentar recurso especial en materia de contratación expiraba o 28.12.2022, presentándose en prazo dous recursos, un da CIG (recurso 236/2022) e outro de AGESAF (recurso 238/2022) perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública (TACGAL), o cal solicitou a remisión no prazo de dous días hábiles do expediente de contratación e do informe do órgano de contratación.

0-0
06E
150
P-
E:
1C

O órgano de contratación do expediente de licitación é o Pleno municipal.

Segundo o artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de novembro, de bases do réxime local é competencia da alcaldía "El ejercicio de las acciones judiciales y administrativas y la defensa del ayuntamiento en las materias de su competencia, incluso cuando las hubiere delegado en otro órgano, y, en caso de urgencia, en materias de la competencia del Pleno, en este supuesto dando cuenta al mismo en la primera sesión que celebre para su ratificación".

Dado que existen dous días hábiles para o envío do expediente de contratación e non se vai realizar un Pleno ata o 05.01.2023, a urxencia da emisión do informe do órgano de contratación que debe remitirse co expediente obxecto dos recursos interpostos en defensa dos intereses do concello non pode agardar á vindeira sesión plenaria.

En base ao que antecede e vistos os informes técnicos e xurídico que obran no expediente con posterioridade á entrada neste Concello dos recursos interpostos, RESOLVO:

PRIMEIRO.-Emitir o seguinte INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN en relación cos recursos 236 e 238 presentados fronte ao expediente de contratación 2022/C004/000004 do servizo de axuda no fogar:

1.-A contratación impugnada non se atopa incluída no ámbito de aplicación definido no artigo 2.2 do Real Decreto Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a modernización da administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2.-A tramitación do expediente de contratación axustouse ao previsto na LCSP para os contratos sometidos a regulación harmonizada.

3.-As alegacións da CIG baséanse en que o estudo económico que serviu de base para fixar o valor estimado do contrato non contempla as subas salariais do convenio colectivo de aplicación para o ano 2023 e o ano de prórroga prevista (2024).

Fundamenta as súas alegacións no previsto nos artigos 101 e 102 LCSP e a propia doutrina do TACgal en resolucións previas (108/2022, 219/2022 e 205/2022).

Emitiuse por parte da técnica que elaborou un estudo económico un informe do 29.12.2022 no que confirma que non incluíu no cálculo do custe prezo/hora a estimación de revisión salarial do 2023.

Nada hai que obxectar, polo tanto, ao alegado pola CIG, xa que efectivamente, prevéndose que a execución do contrato ía ter comezo no 2023 cunha posible prórroga no 2024, necesariamente ao abeiro do previsto nos artigos 101 e 102 LCSP ese custe debe ser incluído na avaliación do valor estimado do contrato.

4.-Respecto do recurso presentado por AGESAF consideran, por unha banda, que non se prevé na avaliación de custes a revisión salarial para os exercicios 2023, 2024 e 2025.

Sobre este extremo cómpre dicir o mesmo que respecto do alegado pola CIG, es estimar integramente o alegado, xa que ao abeiro da normativa e doutrina citada nos recursos resulta obrigado estimar a evolución salarial durante todo o período de vixencia do contrato, incluíndo as prórrogas, tal e como demanda o artigo 101 LCSP, polo que, sendo publicada a licitación en decembro de 2022 cunha duración do contrato dun ano con posibilidade de prórroga dun ano máis, resulta previsible, tendo en conta que a licitación comporta uns meses, que a execución do ano previsto se producira no 2023 e parte do 2024, e a posible prórroga en parte dos anos 2024 e 2025.

Por outra banda, AGESAF alega que non está ben calculado o importe dos custes laborais do ano 2022. Emítase informe da técnica que fixo o estudo establecendo que o estudo é confuso, se ben tivo en conta o incremento salarial fixado no convenio para o cálculo definitivo do prezo hora.

5.-Non se fan observacións sobre as medidas cautelares solicitadas.

SEGUNDO.-Dar conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación."

Visto o que antecede, en base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, propoño ao Pleno da corporación que adopte o seguinte ACORDO:

0-0
09E
150
-P
F:
CL

Primeiro.- Ratificar a Resolución da alcaldía núm. 1694/2022, do 30.12.2022, pola que se emite o informe do órgano de contratación nos recursos 236 e 238/2022 interpostos fronte ao expediente de contratación 2022/C004/000004

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal)."

Sometido o asunto a votación, aprobouse por maioría simple, logo de obter 6 votos a favor (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 11 abstencións (6 do grupo popular, 4 do grupo Socialista e 1 da concelleira do grupo BNG Cristina García Moroño que se ausenta por incorrer en causa de abstención).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da alcaldía núm. 1694/2022, do 30.12.2022, pola que se emite o informe do órgano de contratación nos recursos 236 e 238/2022 interpostos fronte ao expediente de contratación 2022/C004/000004.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal).

G-0
06E
150
P-
E:
CL

5. Mocións urxentes

Non se presentan.

6. Rogos e preguntas

As intervencións dos membros da Corporación nesta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión, que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**60422b92c0eec6b428992ce990454251979acfd8f7542cb000061e5020322f57
591141173351894370149a4d2766b845eeaf3e296aa171a30e4d66c7dbd5c348**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Presidencia declara rematado o acto cando son as 09.54 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria, Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde, Juventino José Trigo Rey.